

## ANEXO I

### SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

D./Dña..... con CIF.....  
en calidade de ..... da entidade denominada .....  
....., con CIF.....  
e domiciliada en....., inscrita no Rexistro de  
Entidades co número..... e con enderezo  
en .....  
Teléfono de contacto..... e correo electrónico a efectos de notificacións  
.....

### EXPÓN:

Que a vista da convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva en materia de servizos sociais para o exercicio 2023,

### SOLICITA:

Lle sexa concedida unha subvención para o proxecto denominado.....  
..... que implica un custe total  
de.....euros, para o cal se adxunta a documentación recollida no artigo 7 desta  
convocatoria e que se relaciona a continuación:

Anexo I – Modelo de solicitude.

En caso de non autorizar no Anexo I:

- Certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria.
- Certificado de estar ao corrente coa Tesourería xeral da Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente coa Facenda da Xunta de Galicia.

Fotocopia documento que acredite a inscrición no Rexistro de Entidades correspondente.

Fotocopia do CIF da entidade

Fotocopia dos estatutos da entidade

Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da asociación ou entidade para actuar no seu nome e representación

Anexo II - Declaración de comprobación de delitos de natureza sexual, no caso de actividades con menores, firmado polo representante da entidade.

Anexo III - Declaración das subvencións ou axudas solicitadas e/ou concedidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto

Anexo IV – Proxecto – Memoria

- Anexo V - Orzamento detallado de ingresos e gastos.
- Memoria de actividades e programas realizados durante o exercicio do 2022.

**DECLARA:**

- Que todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude son certos e comprobables documentalmente, quedando enterado/a que o ocultamento ou falsidade deles dará lugar á esixencia das responsabilidades que diso puideran derivarse, así como da obriga de comunicar ao CONCELLO DE CAMBRE, calquera variación dos datos declarados ou acreditados que puideran producirse no sucesivo.
- Que de conformidade co establecido na normativa reguladora das subvencións públicas, a entidade non está incurso en ningunha causa de prohibición que lle impidan obter a condición de beneficiaria da subvención solicitada.
- Atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.
- Que na difusión que se faga das actividades subvencionadas especificarase que se conta co financiamento do concello de Cambre.

**AUTORIZA:**

A presentación da solicitude conleva a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións de que a entidade solicitante estea ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, en aplicación do disposto no artigo 20.3 da Lei de subvencións de Galicia.

Non autorizo (neste caso achegarase a documentación correspondente)

**NOTA INFORMATIVA:** Os datos recollidos na presente solicitude facilitaranse de forma voluntaria; en caso de non facelo non será posible o seu trámite. Estes datos serán incorporados a un ficheiro automatizado coa exclusiva finalidade da resolución do expediente, e o tratamento é responsabilidade da dirección do Concello de Cambre, Área de servizos sociais, e respecto deles, poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Existe a posibilidade de cesión dos datos a outras administracións, entidades ou organismos públicos ou privados, para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas destas entidades e do Concello de Cambre.

Cambre, de 2023

Asdo.: A Presidencia

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE**